# 3. ESTUDO SOBRE O PATRIMONIO TURÍSTICO DA ENSEADA

## 3.1. INTRODUCIÓN

A continuación presentamos os traballos realizados para a consecución do "Estudo dos recursos turísticos da Enseada de San Simón".

A intención non foi só a de realizar unha listaxe dos elementos do patrimonio cultural ou das diversas especies naturais presentes, senón crear un catálogo accesible, que poña de manifesto a gran riqueza que ten a Enseada dende os puntos de vista cultural e natural. Creando unha ferramenta de xestión e reclamo para un turismo máis ligado á cultura e aos valores naturais, que poda manterse ao largo de todo o ano.

Semella interesante remarcar, por exemplo, o grande interese ornitolóxico que presenta a Enseada durante a época invernal, cando chegan a este espazo natural grandes bandadas de anátidas coma o parrulo asubión, o lavanco real e o parrulo chupón entre outros; e de aves limícolas coma a píllara, o correlimos ou os biluricos. Tendo tamén a época estival a súa importancia pola posibilidade de avistamento de cetáceos entre os que destaca o golfiño mular.

Mención especial merece tamén a Illa de San Simón, no só polo seu patrimonio histórico, senón tamén pola singular beleza dos seus xardíns que mesturan especies autóctonas con outras traídas do estranxeiro. Entre os que destaca o centenario "Paseo dos Buxos" que percorre a parte meridional da illa polo seu eixo central entre a capela e o miradoiro da ría creando un entorno único.

Noutra orde de cousas, referíndonos xa a aspectos concretos deste apartado do estudo, hai que dicir que abarcou basicamente o espazo natural protexido que comprende o LIC e algúns pequenos retallos de bosques e matogueiras que continúan a existir nos terreos lindeiros. O patrimonio cultural,

sen embargo, tivo como límite o estreito de Rande, polo cal non se incluíron nel as parroquias de Chapela, en Redondela, e Domaio, en Moaña.

Cada un dos elementos foi visitado e avaliado *in situ*, sendo vocación do estudo a realización dun catálogo completamente actualizado e non un mero envorcado da documentación existente.

A inclusión dos elementos do patrimonio cultural relacionados coa enseada cinguiuse a unha banda de 200 metros a partir da liña de costa.

O total das parroquias visitadas aparece no seguinte cadro:

| Parroquia | P. Cultural | P. Natural |
|---|---|---|
| Domaio (Moaña) | | X |
| San Adrián de Cobres (Vilaboa) | X | X |
| Sta. Cristina de Cobres (Vilaboa) | X | X |
| San Martiño (Vilaboa) | X | X |
| Pontesampaio (Pontevedra) | X | X |
| Arcade (Soutomaior) | X | X |
| Cesantes (Redondela) | X | X |
| Santiago de Redondela (Redondela) | X | X |
| Cedeira (Redondela) | X | X |
| Trasmañó (Redondela) | X | X |
| Chapela (Redondela) | | X |
| | | |
| TOTAL | 9 | 11 |




**Distribución dos Concello no contorno da área de estudo**

### 3.1.1. Obxectivo

O obxectivo xeral deste subproduto foi o de crear un inventario exhaustivo e actualizado que comprendese todos os recursos turísticos localizados na enseada. Conseguíndose así unha **ferramenta de promoción, consulta e xestión** que facilite futuras tomas de decisión por parte das autoridades locais nas tarefas de potenciación do patrimonio turístico do Concello.

### 3.1.2. Alcance

Para organizar a base de datos consideráronse tres categorías de recursos turísticos:

- **Patrimonio Cultural** (patrimonio marítimo, arqueolóxico, etnográfico,...)
- **Patrimonio Natural** (especies e sitios naturais)

- **Servizos Turísticos** (aloxamento, hostalería, transporte, ...)

Os cales configuran o que se pode chamar Patrimonio Turístico, é dicir, o punto de partida da área xeográfica obxecto de estudo, a materia prima coa que modelar novas propostas que enriquezan a oferta turística do Concello.

### 3.1.3. Proceso de traballo e metodoloxía

Para acadar o obxectivo xeral antes mencionado foi necesario emprender unha serie de accións, apartados amplos do traballo desenvolvidos por un equipo multidisciplinar formado por profesionais do ramo da arqueoloxía, ciencias naturais, documentación, informática e xeografía. A secuencia dos traballos foi:

1. Deseño e realización dunha Base de Datos.
2. Envorcado documental.
3. Prospección sobre o terreo.
4. Procesado da información recollida.
5. Realización de planimetrías.
6. Edición de fichas individualizadas para cada elemento patrimonial.

#### 3.1.3.1. Establecemento dos criterios metodolóxicos para a elaboración do inventario

Para enmarcar a correctamente a actuación era necesario establecer o marco xeográfico e os valores patrimoniais que se querían por en valor; por un lado, baseándonos nas normas legais para o tema concreto que na administración autonómica e nacional existen, e tamén seguindo os criterios que o proxecto de orixe, "Proxecto Marisma", establece. E por outro, realizando xuntanzas de carácter interno entre o equipo de traballo a fin de chegar as conclusións definitivas para o comezo da actividade de prospección e inventariado.

O primeiro paso para dar foi o de establecer cales serían os bens que se ían incluír no inventario; neste senso e para o Patrimonio Cultural, tomouse en conta a definición que deu a **Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia**, que define o patrimonio cultural como o *"constituído por tódolos bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados como de interese relevante para a permanencia e identidade da cultura galega a través do tempo"*. Pero no caso concreto da enseada, tíñase que ter en conta os valores fundamentais do lugar concreto e, sobre todo, o punto de vista da actuación, é dicir, como se ía usar o inventario no Estudo de potenciación turística. Dende este punto de vista púidose esclarecer aínda máis o tipo de bens que queriamos engadir na base de datos.

Para definir o Patrimonio Turístico dun área territorial determinada, segundo a Organización Mundial do Turismo (OMT), este se comporía do conxunto potencial de bens materiais ou inmateriais a disposición das persoas, e que poden utilizarse, mediante un proceso de transformación, para satisfacer as súas necesidades turísticas. Polo que transformar o patrimonio turístico en un recurso turístico, consistiría en combinar todos aqueles bens patrimoniais e os servizos que fan posible a actividade turística, e así tratar de satisfacer as necesidades da demanda, mediante a actividade do home e dos medios cós que conta. É dicir, o patrimonio devén en recurso a través da actividade humana, que o fai utilizable dende unha óptica turística.

Ao constituír o recurso turístico a materia prima do turismo, elemento fundamental da oferta, a súa importancia é estratéxica tanto na configuración da actividade turística, como na determinación da aptitude turística dun territorio. De aí que a identificación e avaliación dos atractivos turísticos sexa unha tarefa cardinal na fase de diagnóstico de calquera planificación turística.

A identificación dos recursos turísticos levase a cabo normalmente mediante a confección dun listado de recursos e emprazamentos con potencialidade e posibilidade de explotación turística, por elo se procede á elaboración dun Inventario ou Catálogo de recursos turísticos, é dicir, unha relación dos recursos turísticos dun área territorial determinada, onde os mesmos se enumeran, clasifican e describen mediante unha metodoloxía.

A clasificación dos recursos por medio de características comúns entre eles permite establecer dun modo sinxelo rutas nas que relacionan ditos elementos de

maneira armónica, o que devén nun discurso común no que pode apoiarse a experiencia turística a desenvolver. O problema radica na inexistencia dunha base metodolóxica comunmente aceptada de cara á configuración de dito inventario.

No Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, establécense como categorías de dito patrimonio aos bens do patrimonio artístico, histórico, arquitectónico e arqueolóxico, pero estrutúranas en seccións que se definen polas súas características físicas: patrimonio moble, inmoble e inmaterial. Se ben os fins que se estipulan no Decreto fan referencia á tutela xurídico-administrativa e a difusión de dito patrimonio, na cuestión que toca con respecto ao patrimonio da Enseada de San Simón o fin último, como xa foi dito, é o achegamento turístico; deste modo, haberá que tratar de conxeniar a estrutura do Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia có fin último da proposta de traballo que aquí se fai.

En definitiva se o Decreto 232/2008, achéganos una clasificación dos bens baseada nas súas características físicas (moble, inmoble e inmaterial) e entende os bens culturais como os arqueolóxicos, artísticos, arquitectónicos e históricos, á hora de aplicala as finalidades turísticas do proxecto contén algunha lagoa. Así, haberá que propoñer algunha modificación baseada principalmente na inclusión do Patrimonio Natural da Enseada como outra categoría, ademais de reformular as anteriores aínda que somos conscientes de que algúns dos bens poderían figurar en distintas categorías. Deste modo:

-Patrimonio Material:
Bens Arqueolóxicos e Históricos
Bens Arquitectónicos e infraestruturas
Bens Asociados actividade económica, industrias históricas e actuais

-Patrimonio Natural:
Flora
Fauna
Xeomorfoloxía (Sitios Naturais)

A modificación da clasificación do Decreto, como xa se dixo anteriormente, versa na mellora do discurso a hora de relacionar os bens turísticos salientables na Enseada de San Simón. É dicir, ao clasificalos dunha maneira na

que se respecta a súa natureza, as relacións existentes entre eles armonizarán o discurso turístico dun modo que facilitará a comprensión e a relación directa entre: o patrimonio natural ou o contexto xeográfico no que se inserta, o patrimonio inmaterial ou os coñecementos ou tradicións que teñen os poboadores actuais e pretéritos, e o patrimonio material-inmoble ou a implementación material das actividades dos poboadores da zona. Deste xeito, o discurso relatarase dun modo fluído, o que facilitará a súa comprensión e mellorará a calidade da experiencia turística.

Algúns exemplos das anteriores subcategorias son:

-Patrimonio Material:

Bens Arqueolóxicos e Históricos

Sirvan de exemplo os sucesos ocorridos na Illa de San Simón e a propia illa ou os fortes de Rande e Corveiras que serven para explicar como sucedeu a Batalla de Rande, así como os distintos pecios que se poden atopar no fondo mariño da Enseada, ben sexa a lancha "A Monchita" ou un barco afundido durante a Batalla. A relación dos bens arqueolóxicos co feito histórico non só serve de base para lanzar o relato senón que sen estes bens case que se estaría a contar unha lenda.

Bens Arquitectónicos e infraestruturas

Neste apartado destacan as obras de enxeñería, infraestruturas como portos, pontes, estradas, viadutos, ... ademais da arquitectura civil e relixiosa, os cruceiros, igrexas,... as distintas construcións de vivenda ou traballo que se levantan na beira do mar ao longo da costa da Enseada (vivendas, casetas de mariñeiros, construcións para o traballo agrícola).

Bens Asociados a actividade económica, industrias históricas e actuais

Aquí a relación está asociada cos produtos industriais feitos nas conserveiras, telleiras, carpinterías de ribeira... que sen as infraestruturas antes mencionadas como portos, pontes, estradas, viadutos,... non atoparían nin os materiais aseitados para a súa produción nin a saída física cara o mercado.

-Patrimonio Natural:

Flora, Fauna e Sitios Naturais

A riqueza da Enseada neste senso é salientable por si mesma, de modo que neste punto só haberá que describila e entrar a valorar as relacións máis produtivas do entorno, como son as correntes mariñas e fluviais, a riqueza faunística subacuática, os cultivos marisqueiros, os lugares xeográficos de máis beleza e que foron conxugando historicamente a sociedade humana (illas, castros, concheiros,..).

Así, tras definir correctamente o ámbito xeográfico e os termos do patrimonio cultural no seo da Enseada de San Simón, establecéronse os parámetros da recollida de datos e os campos que a base de datos ofrecería sobre os bens en cuestión.

O campo de acción para estudo do Patrimonio Natural, pola contra, estivo sempre máis claro, cinguíndose á delimitación proporcionada polo LIC.

Realizouse un primeiro esbozo da base de datos baseándonos, en maior ou menor medida, nos inventarios de patrimonio da Xunta e en diversos catálogos de recursos turísticos, a modo de conseguir unha primeira ferramenta coa que traballar e afrontar a realidade de campo.

Logo disto houbo unha interactuación continua entre o deseño da base de datos e o traballo de campo. Definíndose máis axustadamente os campos que debían ser cumprimentados.

### 3.1.3.2. Documentación previa

Recuperouse información a partir de todas as fontes posibles, como son:

- Os **arquivos públicos** relativos aos distintos Organismos que rexen as costas bañadas pola Enseada de San Simón: Autoridade Portuaria de Vigo, Portos de Galicia e "Puertos del Estado".
- Os **arquivos municipais** dos concellos aos que pertence a Enseada de San Simón: Redondela, Soutomaior, Pontevedra e Vilaboa.

- O envorcado das **bibliotecas municipais** dos concellos aos que pertence a Enseada de San Simón: Redondela, Soutomaior, Pontevedra e Vilaboa.

- O envorcado das **bibliotecas históricas** (bibliotecas da Facultade de Historia e Xeografía e biblioteca Xeral da Universidade, ambas de Santiago de Compostela, e biblioteca Penzol en Vigo) en temas relativos ao patrimonio da Enseada de San Simón e a Ría de Vigo, así como os concellos devanditos.

- O uso **doutras fontes** de información, coma poden ser as fotografías aéreas, as follas correspondentes do Mapa Topográfico Nacional do "Instituto Geográfico Nacional" ou as buscas selectivas en internet.

Unha vez feito o envorcado da información escrita existente sobre o patrimonio da enseada organizouse dita información en fichas preliminares que seguidamente se levarían a campo para cotexar coa realidade. A estas alturas do traballo, os campos da base de datos, en moitos dos casos, non se podían describir, xa que a información que se tiña era insuficiente.




**Carta náutica da Ría de Vigo**

### 3.1.3.3. Traballo de campo

O traballo de campo intensivo realizouno unha parella de arqueólogos-investigadores e un licenciado en ciencias naturais que, mediante diversas saídas e un protocolo de actuación definido, deron conta durante un mes de traballo da riqueza patrimonial da Enseada. Para cada elemento realizouse:

- **Localización do ben**: en moitos casos este primeiro contacto co ben físico consumiu máis tempo do esperado, pois non sempre tiñan unha situación clara expresada en coordenadas, e aínda cando así era, esta non sempre se axustaba á realidade.
- **Revisión** sobre o terreo da ficha preliminar: a continuación procedeuse á realización do rexistro fotográfico e descritivo do ben atendendo ao seu valor patrimonial no contexto específico do traballo que se estaba a realizar.
- **Incorporación** ao catálogo de novos elementos: nas saídas a campo sempre se tivo en conta á necesidade de atopar elementos inéditos con respecto aos xa existentes, tanto nos catálogos de Patrimonio coma nos novos que xurdiran trala fase previa de consulta de documentación. Unha vez localizado un elemento inédito pasouse a tratalo como un máis sobre o que traballar, executando descrición, localización e fotografado.
-**Xeorreferenciación**. Co uso de GPS, foto aérea, cartografía de detalle 1:5000, e diversos programas informáticos de información xeográfica procedeuse a xeorreferenciar cada elemento. Sumándolle á información gráfica e textual os datos espaciais, imprescindibles para a correcta xestión de cada elemento.

Durante as descricións dos diferentes bens seguíronse dous modos de proceder principalmente. Dunha banda, o cotexo de forma visual por parte dos arqueólogos-investigadores dos datos xa existentes. Por outra, mediante entrevistas á veciñanza, tanto veciños/as coma traballadores/as da zona. Tarefa máis custosa que a anterior, xa que depende de localizar bos/as informantes que queiran falar e o fagan con veracidade, sempre tendo en conta que a distancia física (no caso que non se fale de coñecementos en primeira persoa) e temporal dos feitos pode producir distorsións na realidade.

Tras isto, unha vez completa a posible lista de bens para inventariar e os datos que deles se teñen, faise necesaria outra fase de entrevistas, pero esta vez con profesionais dos distintos temas para tratar, como son o funcionariado dos

organismos de costas antes referidos ou dos concellos, tamén persoal traballador ou ex-traballador de empresas do noso ámbito de actuación cós que se puido contactar, membros de asociacións profesionais coma as confrarías da zona ou de asociacións non profesionais vinculadas a temas específicos. Nesta fase o que se fixo foi corroborar certos datos dubidosos con estes profesionais e cando fose necesario ampliar máis datos.

### 3.1.3.4. Traballo de gabinete

Trala recollida de datos en campo, houbo que reelaborar a base de datos no que se refire aos campos de datos dos bens para tratar, como consecuencia dos novos datos e os novos bens engadidos. Despois, o traballo consistiu basicamente no envorcado de toda a documentación recollida na base de datos reconstruída que dará conta de todas as fichas creadas.

## 3.2. RESULTADOS

Como produto destes traballos presentamos un Catálogo de bens da Enseada de San Simón, incluíndo:

1. Base de Datos Access.
2. Fichas de Patrimonio Cultural e Sitios Naturais.
3. Listaxe de especies (flora e fauna).
4. Planimetrías con áreas de distribución/dispersión.
5. Planimetrías de detalle.
6. Localización en ortofotos.

### 3.2.1. O patrimonio cultural

#### 3.2.1.1. O patrimonio arqueolóxico e histórico na Enseada

Falar do patrimonio arqueolóxico na Enseada de San Simón é unha cuestión de amplitude, se ben tratouse enfocado sobre o patrimonio marítimo, referido aos bens que tiñan relación co mar e, sobre todo, aos bens que visualmente se asocian coa Enseada.

Deste modo, **destacan como elementos arqueolóxicos os castelos ou baterías defensivas**, tanto medievais como de época moderna, que se construíron para defender o acceso á entrada da Enseada (estreito de Rande) ou os situados aos lados da ponte de Pontesampaio coa fin da gardar tan preciosa infraestrutura, que tamén forma parte deste inventario de bens arqueolóxicos.

O outro grupo de bens do patrimonio arqueolóxico da Enseada caracterízase por ser dunha época máis antiga, principalmente de **adscrición romana**, aínda que tamén poderían pertencer á Idade de Ferro. Neles non se aprecian restos estruturais, aínda que polo seu emprazamento poderían ter unha tipoloxía máis próxima ao asentamento (ben de poboamento, ben de explotación dos recursos mariños); son os que se poderían definir coma "asentamentos rurais romanos", "villaes" (ou xacementos semellantes), todos eles xacementos romanos asociados coa explotación da costa para o marisqueo e a pesca, no aso da Enseada.

Antes de concretar as características dos bens que forman parte do inventario, farase unha introdución histórica de caracter xeral sobre o patrimonio arqueolóxico que se pode atopar no ámbito de San Simón, tratando de achegarnos á Enseada nun amplísimo período de tempo, facendo unha viaxe pola prehistoria e a historia deste lugar tan propicio para o asentamento humano:

As primeiras comunidades humanas asentadas na zona datan do Neolítico (5.500-5.000 BP), cando comezan a atopar técnicas para domesticar o medio natural que os rodea, sendo deste modo visibles polos restos que as súas actividades producen, marcando e delimitando o territorio con túmulos. As mámoas (medorras, medoñas, casotas, cistas, antas, dolmens,...), moi abundantes en Galicia, e particularmente, nas parroquias de Redondela, Soutomaior e nos montes do Morrazo. Son enterramentos monumentais ben definidos pola súa aparencia externa (un montículo de terra de planta circular e sección semicircular), e pola súa estrutura arquitectónica interna (unha cámara pétrea de dimensións variables), detalles estes que fan deles a primeira mostra de arquitectura destas primixenias poboacións.

Destacable é a concentración de **Monte Penide** (parroquias de Trasmañó, Cabeiro, Cedeira e Negros) cun conxunto de **39 mámoas**, aínda que non todas neolíticas, xa que se trata dunha grande necrópole destinada a perdurar, no tempo e no espazo, nun lugar relevante e prominente. A interpretación deste fenómeno (con paralelos no Morrazo ou na serra da Faladoira no Barbanza) vai dende as causas que entroncan có mundo das crenzas, ás máis sinxelas interpretacións como marcas territoriais. Destes primeiros poboadores quédannos só os seus enterramentos, aínda que deles dedúcese outra moita información, coma que eran comunidades agrícolas, tiñan complexos rituais e crenzas, seus territorios eran

delimitados e definidos, e, seguramente, vivían non moi lonxe das necrópoles, aínda que en cabanas construídas por materiais perecedoiros.

Coa chegada do III milenio a.C., dáse unha transformación reveladora como é a aparición dos restos dos primeiros poboados, esta vez asociados aos túmulos (perdendo estes a súa preponderancia sobre o terreo, comezan a desaparecer os tamaños monumentais e ata xorden os primeiros enterramentos individuais), coma no caso de o xacemento de Os Valos (Saxamonde), onde conviven dous túmulos cun poboado. O motor deste cambio é posible que fose unha nova técnica para domesticar o medio, neste caso, a aparición do uso do metal (etapas do Calcolítico e o Bronce, que nesta zona aínda non están moi ben estudadas).

Outra das innovacións deste período foi a aparición na paisaxe das expresións artísticas destes poboadores, **os gravados rupestres**, que mostran dúas temáticas, a naturalista derivada das escenas con cérvidos e outros cadrúpedos e as representacións de armas, e a xeométrica con espirais, cazoletas, círculos ou labirintos. No caso de Redondela, estes gravados atópanse nos montes que rodean o val regado polo río Alvedosa, o cal fala de maneira positiva da evolución xeográfica dos seus poboadores, xa que amplían a ocupación do territorio, aparecendo pegadas súas máis aló das cotas altas do Monte Penide como pasaba no período anterior. Ademais, as expresións culturais deste momento aumentan, polo menos na súa pegada no medio, xa non só cós gravados rupestres senón tamén cos obxectos metálicos e os asentamentos.

Foi no I milenio a.C., idade do Ferro, cando os asentamentos e a cultura dos poboadores destas terras evolucionou de tal modo que non podía escapar a lupa histórica. Das primeiras fases ( fase I, sec. X-V a.C., e fase II, sec. V-II a.C.) deste período datan **os castros** (ou citanias, castelos, cividades, croas,...), poboados fortificados situados (na meirande parte dos casos) nun lugar elevado, e de fácil defensa, con respecto ao terreo circundante. Nos montes que rodean a Enseada de San Simón atópanse unha serie de castros de distintas fases históricas como son o de Sixto na Canicouva, a Peneda entre Soutomaior e O Viso, Cidadelle en Chapela, o coto de Negros, e outros posibles coma son pola súa toponimia Castro Ferreiro en Cabeiro, o Eido da Moura en Soutoxusto, parroquia do Viso, ou o Coto dos Lobios en Trasmañó. En canto ao panorama cultural deste momento, hai que dicir, que as terras altas continúan ocupadas aínda que segue o

proceso de descenso de altitudes. É un período que racha có illamento cultural anterior: diversificación de produtos cerámicos, tecnoloxía do ferro, apertura comercial coa aparición de produtos foráneos e maior desigualdade social.

É na última fase do Ferro (sec. II a.C.- III d.C) cando toda esta evolución cultural se desenvolve, no contacto co **mundo romano** que terá o seu apoxeo coa creación da provincia romana da Gallaecia. Neste intre constrúense as redes viarias que unían o Imperio Romano, pasando dúas delas cerca da costa, a XIX e a XX (aínda que é controvertido o trazado da vía XX por terras Redondelanas, citámola como dato que aparece na bibliografía que trata sobre o tema) do Itinerario de Antonino que unían Brácara e Astúrica por Lucus e Brácara con Lucus e Astúrica pola costa.

Destas vías quedan os miliarios aparecidos en Fonte dos Frades e O Sobreiro (Cesantes), o de Padrón (Saxamonde), o de o Marco (Vilar de Infesta) e o de Quintela. Estes miliarios dátanse entre os sec. III e IV d.C., no Baixo Imperio romano, momento no que o viño e as salgaduras eran os expoñentes económicos da Gallaecia romana, acercando a súa actividade e as súas rutas ao mar polos seus valores para a produción e o transporte.

Coincidindo coa cronoloxía dos miliarios aparecen tamén os asentamentos romanos na costa e as villaes, que supoñen unha nova evolución dos criterios de poboación, son pequenos centros produtores mixtos (salgaduras e produtos agrícolas) situados a partir das vías de comunicación (tanto terrestres coma marítimas). Neles localízase abundante cultura material romana (cerámica fina Terra Sigilata, ánforas, cerámica de construción, moedas, vidro,...). O caso destes asentamentos xa esta recollido no inventario de bens do Patrimonio Arqueolóxico da Enseada de San Simón, posto que tanto O Pazo (O Viso) e A Portela (Cedeira) coma O Outeiriño (Arcade) teñen esta consideración, aínda que tamén Soutoxusto onde se atopou unha estela romana.

Débense diferenciar ben os casos:

O Outeiriño é unha dispersión/achado de diferentes materiais arqueolóxicos con distintas adscricións culturais (Bronce e Romano) que abranguen distintas tipoloxías, de machados de bronce ata moedas romanas de bronce. En ningún caso supón asegurar, debido aos restos materiais atopados, a

existencia dun asentamento, só indicaría a posibilidade dunha continuación de ocupación dentro destas tradicións culturais (tamén se atoparon, aínda que escasos e pequenos, fragmentos de materiais de construción romanos) ou un lugar ritual ou especial, polo de grande valor económico ou social dos elementos achados (os machados de bronce poderían corresponderse con elementos "premonetarios" no seu tempo).

A referencia ao Pazo en Soutoxusto é dobre, xa que se ben na praia e nas fincas adxacentes houbo achados de restos estruturais e cerámicos, como son unha tumba de época baixorromana (nun muro de separación de fincas) ou unha gran cantidade de distintos tipos cerámicos de adscrición romana ("terra sigillata", ánfora e "tégula"), a isto engádese o achado dunha estela no lugar de Soutoxusto, xa no monte. A interpretación deste restos non pode ser outra que o asentamento permanente debido á variedade de achados, que se relacionan coa construción, o enterramento, o culto e a economía.

Tamén o caso do xacemento de Veiga da Vila, no lugar da Portela, remite a un asentamento permanente, en base aos restos arqueolóxicos aparecidos durante a construción dunha vivenda nunha finca ao carón do mar. Alí pareceron os restos dunha edificación, en forma de tres habitacións que conservaban en bo estado o seu pavimento ou piso de ocupación, xunto a estas estruturas apareceron abundantes restos de cultura material: tégulas, cerámica fina romana, terra sigillata hispana, cerámica indíxena galaico-romana, restos de ánforas, etc. Aínda que non se pode descartar outro tipo de xacemento (pero sen dúbida da súa adscrición romana) a súa situación xeográfica nunha punta mariña, é indicativa do aproveitamento económico da costa.

Por último, hai que facer referencia ao fabuloso achado dun tesouriño de 86 moedas romanas nun cacharro cerámico có grafito IRENE en caracteres latinos, atopado preto do muros en ruínas do Castelo de Rande.

Todos estes elementos da cultura romana complétanse cós ecos desta no mundo castrexo, así nos castros de A Peneda, sobre todo, e Negros atópanse rastros materiais da aculturación que tivo lugar nos anos finais do Baixo Imperio e que permitiu continuar o asentamento deses castros. Na Peneda obsérvanse ánforas romanas e cerámicas pintadas, pero o máis relativo a aculturación foi o atopado no concheiro que tiña o poboado, onde se mesturaban moitos restos de

moluscos (ostras, croques, ameixas) e un pequeno anzol curvo de bronce, que documenta a práctica da pesca e do marisqueo, como actividade económica paralela ás labores agrícolas e gandeiras que se desenvolven nesta época.

Así, ao observar cun pouco de perspectiva os lugares de actividade ou ocupación romana na Enseada de San Simón e comparalos coa actividade que neles se desenvolveu ao longo do tempo, pódese deducir que os romanos viñeron pola produtividade da costa mariña (os areais de A Portela, Arcade, Soutoxusto e Rande, centros marisqueiros na actualidade) e deixaron como agasallo o ensino desta actividade. Hai que dicir, que isto é unha hipótese inducida polos restos materiais e a interpretación que se fai deles.

Outra valoración do paso dos romanos pola Enseada é a relativa ás infraestruturas, xa que se ben non se pode dicir que os lugares que se nomearon fosen portos ou, nin tan sequera, peiraos, si que se pode tirar que son os lugares onde despois vanse construír as infraestruturas do mar. Deste modo, se non se esta na disposición de asegurar que foron os romanos os que achegaron o mar aos habitantes destas terras, si se pode dicir que lles amosáron os lugares apropiados para sacar o mellor partido da incontable fonte de riquezas coas que convivían. Ao falar de infraestruturas romanas, o pensamento vaise cara as súas calzadas que transitaron por estes paraxes, das cales, como xa dixemos, só nos quedan os miliarios, pero facendo un esforzo podemos atopar máis, como é o seu trazado, parello ao do Camiño portugués de Santiago. E será no trazado deste camiño onde atoparemos os seguintes bens arqueolóxicos, as edificacións das clases sociais altas na beira do camiño no transcorrer da Baixa Idade Media; son os castelos ou igrexas coas que se protexe o Camiño e os seus viaxantes, pero, sobre todo, cós que se fiscaliza ás xentes.

Deste tempo, a **Baixa Idade Media**, existen aínda edificacións, como o Castelo de Soutomaior, o Castelo de Uveiras, o Ex-convento de Vilavella, a Igrexa Parroquial de Santiago e o Convento Xustiniano en Redondela, a Igrexa Parroquial de San Martiño de Vilaboa, a Igrexa Parroquial de San Adrián de Cobres, ou a Ponte Medieval de Pontesampaio, mentres que doutros elementos dese período só quedan referencias nas fontes escritas. Faltan ademais futuras escavacións que permitan recoñecer os restos, como son a Fortaleza de Castrizán no cumio de Monte de A Peneda, os restos que hai na Illa de San Simón ou as fortificacións

que controlaban Pontesampaio (unha delas posiblemente sexa a Batería de Arcade).

Xa metidos na **Idade Moderna** atopamos numerosas casas-torre, casas grandes e pazos (Casa-torre de Prego, a Casa do Petán e o Pazo dos Pousadouro, en Redondela; a Casa Grande de Reboreda; o Pazo-torre de Cedeira; o Pazo de Larache, en Santa Cristina de Cobres), tamén ermidas e igrexas ( a Capela de Santa Mariña ou das Angustias en Redondela; a Ermida da Nosa Señora do Viso; a Igrexa Románica de San Fausto de Chapela; a Igrexa Parroquial de San Andrés de Cedeira; a casa Rectoral de San Adrián de Cobres; a casa Rectoral e a Igrexa Parroquial de Santa Cristina de Cobres), así como as mencionadas fortalezas ou baterías defensivas (defendendo o estreito de Rande e a Ponte de Pontesampaio).

Entre os bens inventariados para a Enseada encóntrase a Ponte Medieval de Pontesampaio, sobre a desembocadura do río Verdugo, cunha estrutura medieval de dez arcos de medio punto lixeiramente apuntados. A historia da ponte quedou ligada á batalla que nela tivo lugar en xuño de 1809 contra as tropas de Napoleón. Antigamente era o único paso da estrada de Pontevedra a Tui, aínda que non se ten constancia do momento da súa construción, pero no sec. XIII xa recibía doazóns nos testamentos co nome "Ponti Snacti Pelagii de Luto", e pode ser que se cobrase o portazgo na fortaleza de San Paio de Luto, que foi unha das dúas fortalezas que segundo as fontes escritas custodiaban o paso pola Ponte en tempos medievais.

Cada unha destas fortalezas estaba a un lado do río, posiblemente unha delas estivo na actual vila de Pontesampaio (a xa nomeada), mentres que a outra foi a que se chama no noso inventario A Batería, no lado de Arcade. Non se ten atopado nas prospeccións realizadas neste lugar ningún resto material que a relacione nin coa fortaleza medieval nin coa batería da batalla contra os franceses, aínda que cando se construíu o camiño para as vivendas que alí se sitúan agora, si se atoparon armas coetáneas da batalla da Independencia. O que si queda claro é que pola situación da ponte, o lugar máis apropiado para as fortalezas son os dous pequenos montes onde estamos a situalas, xa que dende alí dominarían sen problema o paso pola ponte. Hai que dicir tamén que A Batería ten como topónimo o "castro", engadíndose así á longa listaxe de fortalezas que se construíron en lugares onde posiblemente antes houbo un castro, como O Castrizán e o Castelo de Uveiras.

Este último foi unha edificación de época moderna realizada para ter o control da entrada á Enseada, e consecuentemente, foi destruído na incursión máis relevante que polo Estreito de Rande pasou, a invasión inglesa de 1702, na que tras vencer aos barcos da flota de Indias, os ingleses e holandeses destruíron tanto esta fortaleza como as dúas de Rande e a de San Sebastián en Vigo.

O castelo de Rande tivo o seu parello na costa de enfronte, a Batería da Punta Corveiro, dende a cal se tiraba unha cadea ata o castelo de Rande para controlar o acceso a Enseada de San Simón. Pode ser que o Castelo de Rande xa existise no sec. XVI, mentres que a do Corveiro é posterior. Ambas foron destruídas na batalla de Rande, pois xa nese intre eran considerados antigos fortes-torre, aínda que se armaron todo o que se puido para resistir. A finais do sec. XVIII a Coroa decidiu restituílos (os planos consérvanse no Servicio Histórico Militar, 21-4-1788, e no Servicio Histórico Militar, 21-11-1788), restaurando o Castelo de Rande e a Batería de Punta Corveiro e engadíndolle ao primeiro unha nova batería que se proxecta unida para aumentala potencia de fogo. Xa no sec. XX e coas dúas fortificacións arruinadas, aprovéitanse os materiais para a construción doutros elementos (cargadoiro de mineral entre outros), ata o punto que da Batería do Corveiro xa non existe ningún resto localizable.

Desta época tamén se podería introducir nesta relación o complexo das salinas do Ulló, composto por tres salinas, alfolí e os dous edificios que funcionaban como casa-granxa, todos eles pertencentes nese intre aos xesuítas de Pontevedra.

## 3.2.1.2. O patrimonio etnográfico na enseada

### 3.2.1.2.1. Arquitectura e infraestruturas

O patrimonio arquitectónico divídese en dúas tipoloxías, nunha primeira está o patrimonio propiamente arquitectónico, que é o referido as construcións para usos de vivenda, de traballo ou relixioso (arquitectura civil e relixiosa); a outra tipoloxía está máis relacionada coa enxeñería, representado polas obras de infraestrutura (enxeñería civil).




**Fotografía histórica do funcionamento do Cargadoiro de mineral de Rande tipo "cantilever"**

**Enxeñería civil:**

En canto as infraestruturas divídense en dous grupos: un relativo as **infraestruturas viarias**, como as estradas ou vías do tren; e outro tipo derivado das relacionadas có mar, como poden ser os portos.

Na Enseada de San Simón cóntase cunha rede viaria xeral composta de estradas nacionais, autonómicas, provinciais e locais, pola súa importancia destacaremos as de ámbito nacional, que son as seguintes:

-N-550: A Coruña-Tuy, que chega a Vilaboa dende Pontevedra para cruzar o río Oitaven-Verdugo en Arcade e pouco despois pasa circunvalando Redondela, de onde segue para Tuy. Pola Enseada discorre dende Paredes (Vilaboa) ata Redondela.

-N-552: Redondela-Vigo, que enlaza coa N-550 o seu paso por Redondela. Pola Enseada discorre dende Redondela ata Rande.

-N-554: Vilaboa-Cangas, que xurde dende o cruce coa N-550 ao seu paso por Vilaboa. Pola Enseada discorre dende Paredes ata Rande.

-AP-9: Ferrol-Tuy, cruza de norte a sur o leste de Galicia, atravesando de cheo as provincias de A Coruña e Pontevedra. A construción da autoestrada foi concedida polo Estado en 1973 a Autopistas do Atlántico cunha inversión de 1.428 millóns de euros. Pola Enseada discorre dende Rande ata Santa Cristina de Cobres.

Debido ao alto nivel de edificacións existentes nas beiras das estradas que rodean a Enseada, estás por momentos poden parecer vías urbanas, especialmente a N-550 o seu paso por Cesantes e Redondela, a N-552 na saída de Redondela e ao seu paso polo núcleo de Rande e a N-554 ao pasar por San Martiño de Vilaboa e entre San Adrián e Santa Cristina. Tamén é salientable o alto volume de tráfico que soporta a N-550 e, dende que se abriu o tramo da AP-9 Vilaboa-Vigo, a N-554. En canto a autoestrada AP-9 discorre paralela á beiramar ao seu paso pola Enseada, sendo un vieiro con grande incidencia territorial, non só polas súas dimensións se non tamén polas protección esixidas ás súas beiras.

Outras obras de enxeñería relativas as estradas anteriores son as pontes e os viadutos. Sen dúbida ningunha o ben máis salientable deste apartado é a ponte sobre o estreito de Rande da autoestrada AP-9. As súas características físicas fálannos dunha megaestrutura de 6.000 tn. de peso e unha lonxitude total de 695 m. cunha anchura de 23´5 m., ademais a obra complétase con dous viadutos de acceso de formigón, un para o norte (Vilaboa) de 106 metros, e outro sobre Rande de 757 metros. É unha estrutura en forma de ponte colgante, suxeito por 80 cables con lonxitude total de 10 km, mentres que a cimentación das pilas principais fíxose

con illas artificiais de formigón armado para cada pila. Entre os seus records está o ser unha das pontes de tirantes máis longas do mundo e a máis longa da Península Ibérica, e no momento da súa inauguración foi a ponte de máis de dous carrís máis longa do mundo. Dende a súa apertura ao tráfico en 1981, xa pasaron por el 231 millóns de vehículos e o seu custo (3.658 millóns de pesetas) xa foi amortizado varias veces grazas ás peaxes. Por mor deste intenso tráfico está prevista a súa ampliación cun carril máis por sentido polo lado exterior da ponte. Tamén na AP-9 ao seu paso pola parroquia de Santa Cristina de Cobres hai un viaduto que salva a depresión do terreo que o recorrido da autoestrada ten alí. No tocante as estradas nacionais, só a N-550 ten un elemento de especial interese, como é a ponte que salva o río Oitavén-Verdugo, parella da ponte medieval de Pontesampaio que pertence a unha estrada autonómica.

**A vía do tren percorre o litoral sur da Enseada**

A **vía do tren** transcorre na beiramar durante gran parte do seu recorrido pola Enseada de San Simón, polo que unha viaxe no tren entre Vigo e Arcade permite coñecer de primeira vista á ría de Vigo. Partindo de Rande a vía vai parella ao mar, cunha estreita franxa de terra separándoa do mar (na que están as

industrias da beiramar, seus recheos gañados e os barrios de Rande, Regasenda e a Portela, así como as praias ou areais) ata chegar a estación de Redondela. A vía pasa por tres túneles, un na estrada que baixa da N-552 a Rande, outro moi próximo na estrada que accede a empresa Vieirasa, e un terceiro no acceso tamén da N-552 á Regasenda, pero é no seu paso pola vila de Redondela cando a enxeñería alcanza a súas maiores cotas artísticas, cos dous viadutos que sobrevoan o ceo da vila. Redondela foi en tempos un lugar de enlace para o ferrocarril, dado que ata aquí chegaba o tramo de Madrid e dende este punto partía ben para Vigo ben para Pontevedra, facendo o cruce nunha subestación a medio camiño da actual estación e o pobo. Se ben na actualidade o tramo de Madrid non funciona, ao igual que o Viaduto Madrid, si que segue en funcionamento o Viaduto Pontevedra.



**Imaxe de principios do sec. XX**

Dende as últimas décadas do sec. XIX a paisaxe urbana de Redondela defínese pola extraordinaria presenza dos **viadutos do ferrocarril**, declarados monumentos histórico-artísticos, e fan que sexa coñecida como a "vila dos viadutos". Na súa construción seguíronse as técnicas europeas máis innovadoras

do momento (o ferro forxado xeneralízase para a construción de pontes industriais), levando as estruturas enteiramente en ferro. O primeiro en construírse foi o viaduto Madrid, necesario na liña Vigo–Ourense, que tardou uns 15 anos en realizarse (1861-1876) tendo unha lonxitude de 411 m. e unha altura de 32 m., combinando uns tramos de acceso con vans feitos en perpiaño granítico á "romana" coa parte central feita en ferro forxado dividida en cinco tramos solidarios (52 m. o central e 51 m. os demais para un total de 256 m.), mesturándose elementos da vangarda europea cos signos máis tradicionais e significativos de Galicia. Uns anos máis tarde (entre 1881 e 1884) constrúese no núcleo da vila o viaduto que da paso en Redondela a liña Vigo-Pontevedra, cunha lonxitude de 162 m. e altura de 26 m. para o tramo metálico (tres tramos, con 57´5 m. o central e 46 m. os laterais, apoiados sobre dous piares do mesmo material, ferro laminado) que salva o río e a estrada, deixando unha soa bóveda de pedra na marxe esquerda do río Alvedosa e nove na dereita, que salvan a gran parte das casa da vila.

Tras salvar a vila de Redondela **a liña de ferrocarril** métese un pouco cara o interior distanciándose da ría para volver a correr parella a ela despois do areal de Cesantes, e dende aquí ata a estación de Arcade volve a discorrer cunha pequena marxe de terra de separación coa Enseada. En este tramo a vía supera un bo número de pequenos túneles así como os apeadeiros da Picota e Cesantes, e dende a ampliación da vía polo AVE estase a construír un novo túnel que atravesa o monte de A Rexa (límite entre Redondela e Soutomaior). Tras entrar a Soutomaior chégase a estación de Arcade onde tamén se realiza unha nova ponte parella a que xa existía para cruzar o río Oitaven-Verdugo. A antiga ponte para o tren trátase dunha estrutura metálica roblonada de fins de século XIX, que coma a de Redondela e moitas do norte de Portugal pertencen e se derivan da escola e oficina técnica de Gustav Eiffel. Ten dous tramos de viga de caixón apoiada en tres pilastras de granito para salvar o leito do río. Despois de cruzar o río a liña de ferrocarril diríxese a Pontevedra salvando cun túnel unha nova estribación montañosa.

O outro grande grupo de infraestruturas supón que nos metamos de cheo no mar. As **infraestruturas marítimas** na Enseada de San Simón baséanse principalmente nos catro portos que alí existen: Cesantes, Arcade, Santa Cristina de Cobres e San Adrián de Cobres. A eles engadimos os antigos portos e peiraos existentes na Enseada, algúns con uso, aínda que limitado, e outros xa en desuso

ou en estados de conservación deplorables. Entre estes peiraos algúns foron dependentes de industrias que se situaban na beiramar, mentres que outros foron portos ou peiraos realizados para o uso público, foro o cabotaxe, a pesca ou o transporte tanto de persoas como de mercadorías.

**O porto de Cesantes** situase como o herdeiro do que foi o porto de Redondela, xa que naceu debido a imposibilidade de navegar con baixamar polas barras do río Alvedosa. Foi construído a mediados do sec. XX aproveitando as estruturas que xa existían dos pescadores e da fábrica de conservas que se sitúa detrás. Ten un dique orixinal cunha rampla que é usado polos pescadores, ao que se engadiu unha plataforma metálica que fai de ponte para unirse co pantalán do porto deportivo. Tivo na explanada anterior dous grupos de casetas mariñeiras, onde estes gardaban a ferramenta, pero que foron transformadas nas oficinas, o club náutico e un bar. Tamén atópanse outras naves no lugar dedicadas á lonxa, á estaleiro de reparacións e ás oficinas da Confraría de Pescadores "San Juan" de Redondela.

Outro ben inventariado na Enseada son as xa mencionadas **Barras do Alvedosa**, obra de enxeñería realizada a principios do sec. XX para canalizar a desembocadura conxunta dos ríos Alvedosa e Pexegueiro (entrada a Redondela dende a Enseada) e manter accesible o porto de Redondela, por causa do proceso de colmataxe natural. Feito por medio de diques lonxitudinais mergullábeis que discorren parellos á canle principal do río, poucos anos mantivo o tránsito xa que a actividade portuaria, como dixemos, pasou ao porto de Cesantes.

O que foi orixinalmente o peirao da **fábrica de hidrocarburos de Arcade**, o chamado Peirao de Laforet, constituíu un antigo espigón ao que se lle engadiu unha ampliación en forma de "L" para albergar un porto náutico deportivo que convive coas necesidades dos mariñeiros. Nas inmediacións do complexo atópase ademais unha lonxa, un club náutico, un taller de reparacións e a Confraría de Pescadores "Virxe do Carmen" de Arcade.

O chamado tamén **Peirao de Gundixe** (porto de Santa Cristina) creouse na primeira metade do sec. XX para dotar de infraestruturas suficientes ao novo tráfico marítimo, e escolleuse a Punta Pereiro xa que preto dela realizábanse de xeito rudimentario as operacións de tráfico marítimo, ademais de ter unhas condicións de vento e mar moi favorables ao situarse nunha baía. Dique cun

peirao pesqueiro e rampla de acceso ao mar. Nas inmediacións ten unha nave dedicada á lonxa e outra que a ocupa a Asociación Profesional de Mariscadores "Pedra de Oliveira". En canto ao porto de San Adrián de Cobres, obsérvanse dous tempos no porto, un inicial co dique e rampla do porto pesqueiro e, outro máis moderno, cun porto deportivo e a cafetería. Ten tamén un club náutico, talleres de reparación (atópanse dous antigos estaleiros nas súas inmediacións), así como moi próximo o campo de bateas.

Outro dos elementos fundamentais da vida mariñeira, tanto no pasado como na actualidade, seguen sendo os peiraos, dende os pequenos atracadoiros ata os portos con numerosas instalacións portuarias, e na Enseada atópanse unha ampla gama de posibilidades. Así, pódense usar dende **pantaláns** para o ocio acuático como serían os dos portos deportivos que se sitúan entre as instalacións dos portos (témolos en todos, en San Adrián, Santa Cristina, Arcade e Cesantes), pero tamén o pequeno pantalán que se pode ver nas inmediacións da antiga fábrica da Regasenda, e que parece ter un uso privado por parte dos veciños do lugar.

Doutra banda están os **peiraos públicos** que tiveron actividade no seu tempo e que agora, ou xa non a teñen ou o que non teñen son condicións estruturais de peirao. Entre os que xa non teñen actividade pero si peirao, encontramos o dos Caralletes e o de Paredes en Vilaboa, tamén o que se sitúa detrás de Pontesa baixo a ponte da estrada N-550 de Arcade, ou os próximos que rodean as beiras da ponte medieval de Pontesampaio (nos que si se ve actividade de amarre) e o que foi o Porto da Portela, no cal si vense un par de amarres sempre, pero en comparación có que foi parece nada.

Ademais temos **peiraos semidestruídos** que xa non o parecen debido as condicións físicas das súas estruturas, entre os que se encontran o peirao que está no espolón próximo ao forno de cal en Santandrán, o desaparecido peirao da Habana en Paredes, o peirao de Porto Ulló no peche da bancada exterior das salinas, o desaparecido peirao que lle daba servicio á Azufrera e a Vidriera en Rande e o porto da Regasenda, no que noutro tempo houbo moita actividade de pasaxe e agora non podería atracar máis que unha chalana.

Sen dúbida, na categoría de peirao hai que engadir aos **varadoiros**, as praias ou sitios que dende sempre se usaron como varadoiro polas súas condicións

naturais; entre estes na Enseada atopamos os que se sitúan nas praias de río, como poderían ser as do Oitaven-Verdugo próxima ao Pontesampaio ou o chamado "Porto dos Borrachos" na Portela de Abaixo, pero a maioría son de praias mariñas como en Soutoxusto, no areal de Cesantes na parte máis próxima ao porto, na Enseada de Larache, na praia de Paredes, na cala de Río Maior en Santa Cristina ou na praia de Rande, lugar de especial mención xunto có porto dos "borrachos", xa que en ambos o conxunto das casiñas, as barcas e a marea enmárcanos nunha paisaxe que recorda a tradicional etnografía mariñeira.

Por último, a relación de **pequenos peiraos** é bastante extensa e, como xa se dixo, o motivo da súa construción moi variado, centrándonos nos peiraos públicos temos: os que rodean a ponte de Pontesampaio, o que hai tras Pontesa, o da Portela (que no seu momento foi un porto de suma importancia e gran cantidade de carga e descarga, substituíndo no seu tempo ao de Redondela), o da Regasenda (no seu tempo con grande tráfico de persoas), o peirao no medio do areal de Cesantes, o chamado "Porto dos Borrachos", o que se sitúa no esporón do forno de cal en Santandrán, o peirao da Habana e o de Paredes (que case se solapan), o de Porto Ulló (coñecido na historia militar por usalo os franceses e os ingleses para aproximarse a Pontevedra sen loitar en Pontesampaio) e o Peirao dos Caralletes (actualmente reconvertido en aparcadoiro). A eles engádense os peiraos construídos por industrias como o de Cerámicas Arcadia, os da Punta do Socorro construídos para a IME, o que está na fábrica da Regasenda e o que houbo onde hoxe se sitúa Vieirasa e daba servizo á Compañía Azufrera Noroeste de España e a Vidriera Gallega.

Outra opción son os **peiraos das antigas fábricas** como o mencionado da Regasenda ou o da "Fábrica do Alemán"; tamén o de Rodríguez Pascual ao lado do porto de Cesantes, o da IME, o de Arcadia, que, na actualidade, cobren as necesidades, por dicilo dalgunha maneira, dos mariñeiros do lugar.

Finalmente mencionar **a Illa de San Simón**, onde se atopan non só catro peiraos de distintos anos de construción, senón unha ponte que une as illas de San Simón e San Antonio construída a partir da constitución da illa como Lazareto en 1830, e que conta con tres vans de arcos rebaixados de perpiaño e dous fitos en cada extremo da ponte sobre o petril de pedra.

**Arquitectura relixiosa:**

O outro apartado arquitectónico do inventario ten que ver co **patrimonio relixioso** ou derivado do ámbito das crenzas. Neste aspecto sinalar que o aspecto máis importante da zona é o relativo ao Camiño de Santiago ou os elementos, aínda non ben coñecidos, das relixións prehistóricas ou páganas que se levaron a cabo neste lugar no pasado remoto. Se ben, compre dicir, que será a relixión cristián a que cope o noso inventario en canto a mostras de relixiosidade neste capítulo, pero a explicación é sinxela, xa que o patrimonio arqueolóxico ten un apartado aparte no que se encadran certos bens culturais polo feito de como son recoñecidos e a forma na que accedemos a eles. Así, nomearanse algúns dos bens dos que xa se fala no apartado de arqueoloxía, como é en si mesmo o propio Camiño, que discorre paralelo a beira sur da Enseada dende a vila de Redondela ata a de Arcade ou toda a concentración de mámoas nos montes que circundan a Enseada, así como outras expresións relixiosas que aínda están por entender e explicar.

En relación coa relixión cristiá, a Enseada de San Simón é moi fecunda en expresións dela, partindo dos primeiros cenobios que se estableceron aquí na Plena Idade Media, como na illa de San Simón.

### 3.2.1.2.2. Actividade económica, industrias históricas e actuais

O patrimonio etnográfico de tipo industrial da Enseada de San Simón vai relacionarse coas **actividades económicas**, se ben na Enseada os principais motores económicos teñen que ver cos produtos do mar e coa extracción de materias primas.

É un grupo moi amplo en canto a elementos inventariados, xa que das actividades económicas que se citan, na Enseada lévanse a cabo en moitos dos casos, procesos produtivos enteiros. Así no caso do mundo do mar entre os bens inventariados atópanse os que realizan actividades que se relacionan coa captura, extracción ou engorde das especies en cuestión ata o procesado e conserva, sen esquecerse das infraestruturas, o transporte ou a produción dos útiles da labor. Caso parecido é o da extracción de materias primas, posto que na Enseada se poden ver dende antigos fornos nos que se transformaban as materias que se extraían de minas a pouca distancia, ata empresas pretéritas e outras actuais dedicadas só ao transporte de materias primas que se extraeron moi lonxe, pero que dada a boa situación xeográfica da Enseada se traen aquí para que sexan transportadas por mar ao seu punto de destino. O que queda claro é que, neste lugar, o pasado mestúrase có presente, polo menos no que a interpretación das actividades económicas se refire, pois repítense o mesmo rango de traballos no referente a aproveitar o que o medio, dende o punto de vista mariño ou xeolóxico, ten que ofrecer. Obsérvanse cambios, pero máis ben dende o punto de vista tecnolóxico ou empresarial (facendo referencia ao modo de organizar a actividade), que no tocante a actividade en si mesma, xa que séguese a producir cerámica, transportar pedra, extraer molusco ou salgar peixe nos mesmos lugares e, en certo modo, cuns modos antropolóxicos similares.

Polo que corresponde ás actividades mariñeiras na Enseada de San Simón, polas súas condicións biolóxicas especiais, mestúranse os elementos para facela un banco marisqueiro (aínda que tamén na pesca de baixura) de impagable valor. Deste modo, e rematándonos a tempos prehistóricos, o uso da especies bivalvas nas industrias do lugar foi normal (como se demostra nos concheiros do castro de A Peneda), e tamén o recurso polo que poboacións estranxeiras viñan ata aquí

(caso dos romanos o principio da nosa era, os ingleses na baixa idade media e moderna ou o resto do mundo na actualidade).

En canto os bens etnográficos inventariados, para o mundo mariñeiro cóntase con elementos de pesca, extracción, recolección ou engorde, como son os dous polígonos de bateas para engordar mexillón situadas a ambos lados da entrada do estreito de Rande ou os viveiros para distintas especies que se sitúan ao longo da costa da Enseada, como son os que hai na Punta da Canteira (na entrada da enseada de Redondela, entre unha das barras do Alvedosa e o monte da Canteira), os sitios na Punta do Cabo en Cesantes ou na Riega de Soutoxusto (en ámbolos casos neses lugares poden observarse a confluencia de viveiros antigos e en desuso con outros recentes e en uso) ou os que con anterioridade existiron na Portela ou nas salinas de Larache.

No tocante ao procesado e conserva dos mariscos ou peixes, hai que recordar que, a finais da Idade Media e principios da Moderna, as Rías Baixas galegas foron un dos puntos centrais do mercado europeo, sendo os momentos de maior prosperidade das confrarías de mariñeiros (cós patróns San Telmo e a Virxe do Carme enaltecidos nos altares), pero con excesiva dependencia do sal, que nos momentos de abundancia trouxo a prosperidade e nos de escaseza trouxo tamén a crise. Como imaxe representativa deses momentos temos os alfolíes da vila de Redondela (aínda se recoñece na vila onde se situaron eses edificios emblemáticos no seu tempo) ou os fermosos restos do complexo da salinas do Ulló (e a de Larache que no seu tempo formou parte do conxunto), onde aínda pódense observar os restos da Granxa e os seus hortos, pastos e prados, aínda que tamén situouse na bancada exterior da saíña un muíño de marea dos poucos que existiron en Galicia. O momento de explotación das salinas foi moi corto, apenas un século, xa que como dixemos o sal non acompañou sempre de bo grado a Enseada de San Simón, pero pronto se atoparon outras formas de conservar e procesar as capturas para despois comercialas. Estas innovacións viron da man dos chamados "fomentadores" cataláns que axiña estableceron fábricas no litoral, como foi a situada na Regasenda, a da Portela ou a chamada "Fábrica do Alemán". Estas empresas foron pasando dunhas mans a outras pero continuando o traballo no sector conserveiro. Na meirande parte delas pasouse nun inicio de salgar sardiña a distintos modos de conservala, pero cada vez máis tivo que se aumentar os produtos do mar que se traballaban polo que as fábricas tiñan que modernizarse para adoptar os novos métodos de traballo.

Unha nova que influíu a toda a industria mariñeira foi a aparición da lata de conservas a mediados do sec. XIX, aínda que na Enseada non se desenvolvería plenamente ata principios do século seguinte.

É por estas décadas cando desembarcan os novos industriais da conserva, os Otero Bilbao, Gerdtzen Boyé, Lago Otero, Tapias ou, máis recente, Rodríguez Pascual, todos eles souberon aproveitar o momento e desenrolar unha actividade no intre adecuado. Neses días, as fábricas que xa dixemos continuaban traballando, con outros donos e modernizadas, e a elas uníronse outras que aínda hoxe en día seguen a traballar como a chamada no seu momento fábrica "A Fedora" (na avenida do Alvedosa, preto da Portela) ou a de Rodríguez Pascual no porto de Cesantes. Outra daquela época foi a conserveira Rodríguez Sueiro sita tras o porto de Arcade, pero esta xa non chegou con actividade aos nosos días. Aínda que a día de hoxe si continúan traballando as conservas ou os procesados do mar outras empresas novas que se sitúan na beiramar da Enseada, como Connorsa (no lugar de Acuña en Vilaboa) que traballa de modo total mariscos e outros produtos do mar e ata da conserva, a depuradora de mexillón situada preto do porto de San Adrián de Cobres e Vieirasa (cércana a Rande) que como Connorsa implícase en todo o sector e ten proxección internacional.

Compre dicir, para non esquecer o campo da produción de útiles para o traballo e as infraestruturas necesarias, que a Enseada tamén tivo un certo auxe nisto e segue a telo. Se na Idade Media a elaboración de redes e toneis en Redondela tivo moita importancia (dando nome a algunhas das súas prazas, por exemplo), en tempos máis recentes atopamos no inventario de bens etnográficos da Enseada elementos para destacar. Por riba de todos os demais, se ben a causa do seu número, están os estaleiros de ribeira, onde non só se facían as barcos para a pesca senón todas as naves subsidiarias neste sector (como son as bateas para o mexillón que o propio Acuña Martos, dono da depuradora de mexillón, ten preto desta). A actividade ten forza sobre todo na beiramar de Vilaboa, coa carpintería de ribeira "A Vichoa" sita en Santa Cristina de Cobres e que a día de hoxe só traballa para encargos de pouco calado, pero tamén co estaleiro González Portela, que tivo gran nome ao construír embarcacións de dimensións xa de consideración empregando a máis de cen persoas, ou o xa nomeado estaleiro de Acuña Martos, que segue en funcionamento, ambos nas inmediacións do porto de San Adrián. Aínda en Vilaboa, próximo ao Peirao dos Caralletes no lugar de Acuña, sitúase a

carpintería de Agustín del Valle, que se ven agora dedícase aos traballos de carpintería usuais en terra, nos inicios na década dos 80 dedicouse á carpintería de ribeira, pero pronto reconverteuse por causas do negocio. Na outra beira da Enseada, estaba o estaleiro dos Irmáns Loureiro, no areal de Cesantes, toda unha institución na carpintería de ribeira. Comezou a actividade nos anos 40 construíndo traíñas a remo, despois fixo gamelas e chalanas, para acabar adaptándose aos barcos a motor e cesar a actividade en 1989. Tamén hai que nomear neste apartado dedicado á construción ou reparación de barcos, o taller de reparacións do porto de Cesantes que debido ao tránsito das súas instalacións sitúase na actualidade como a mellor opción da Enseada.

En relación coas labores de preparación da actividade mariñeira hai outro elemento etnográfico significativo na Enseada; trátase dun conxunto de casetos mariñeiros caracterizados pola sinxeleza estrutural na súa construción, tanto nas formas como nos materiais, e sitos a medio camiño da praia e as leiras, situación que serve para explicar o contexto no que aparecen tan singulares estancias sen parangón na costa galega. A parroquia de Cesantes ten dous núcleos principais (un entorno ao barrio de Catapeixe e outro entorno ao Outeiro das Penas) que se articularon máis en clave agraria que mariñeira, pero coa intensificación do sector extractivo a metade do sec. XX foi preciso acercar os materiais para o traballo á costa, ademais de non contar cun porto preparado (recordemos que o de Cesantes nace tamén nestas fechas), construíndo as infraestruturas auxiliares de almacenaxe ao pé do mar. Obsérvanse dous núcleos principais de casetos, ou mais ben unha agrupación deles localizados entre a Punta do Cabo e o lugar do Estaleiro na praia de Cesantes e unha serie de edificacións illadas preto do actual peirao.

O outro sector industrial de mención na Enseada de San Simón, tanto no pasado como na actualidade, son **as materias primas minerais**, das cales como xa dixemos diversificase moito a actividade, onde atopamos tanto a extracción, como a transformación e o transporte. No ámbito da extracción, hai que salientar distintos puntos da Enseada onde ao traballo netamente extractivo uníronselle tamén o transporte ou a transformación ou ambas, como son o Monte da Telleira, no cal como o seu nome indica asentáronse ata sete **telleiras** dende o sec. XVIII. Neste monte xa se extraía pedra para exportar, pero coas telleiras completouse a actividade xa que se fixeron tellas e ladrillos.

Neste senso tamén se comportaba a actividade no desaparecido peirao da Habana (Paredes), xa que no monte da Cerca que ten detrás extraíase a pedra que se levaba cara Cuba.

Unha produción "in situ" semellante, sucedeu no caso do **forno de cal** que hai en Santandrán, elemento singular dentro da Enseada pola carencia de rocha caliza para fornear. O produto resultante, a cal, era transportado dende o peirao que tiña na beiramar onde se lle daba saída comercial.

Pero foi en Rande onde a actividade económica tivo un lugar e unha historia máis salientable. Alí asentáronse empresas como a Vidriera Gallega, que aproveitaba a area das praias para facer **vidro**, aínda que non foi moi lonxeva (primeiras décadas do sec. XX). Compartiu situación e peirao con outra empresa do sector, a Compañía Azufrera Noroeste de España, que durante a primeira metade do sec. XX moia e vendía **xofre**, pero que pasou a historia por desgraciados accidentes laborais.

Pero esta zona tan próxima ao estreito que divide a ría de Vigo e cunha liña ferroviaria tan próxima, aínda deu para moito máis, xa que nel instaláronse dous **cargadoiros do mineral** que viñan das distintas minas galegas traendo ferro, carbón e volframio, que fixo que pasase á historia mundial polos desgraciados usos que os alemáns lle deron na II Guerra Mundial. O tamaño destes cargadoiros deixou unha forte pegada na paisaxe do estreito, os cales sucedéronse no tempo a modo de innovación técnica, xa que se ven o cargadoiro tipo "cantilever" funcionou durante a primeira metade do sec. XX, o cargadoiro Coto-Wagner instalouse ao principio da década dos 60 para permitir o atraque de buques de maior tonelaxe, aínda que nos 70 a súa actividade cesa.

O transporte marítimo no lugar de Rande non acaba aí, senón que vai xurdir outra empresa que se dedica transportar **granito** de Porriño por mar, Ferimag, que tamén é bastante impactante na paisaxe do estreito (dúas enormes grúas azuis, que contrastan coas dúas vermellas de Vieirasa).

No que corresponde ao **sector da transformación** en exclusiva, na Enseada temos dous importantes, no seu momento, fábricas de **cerámica** e porcelana como son Pontesa (membro no seu momento do Grupo de Empresas Álvarez) e Arcadia, que sitúan unha enfronte a outra. Ambas tiñan acceso por mar

a través dun peirao cada unha delas, de onde recibían materia prima e exportaban produtos facturados. Son empresas que tiveron polos anos 80 unha boa produción e facturación, pero que agora cós distintos movementos no sector da louza perderon moito protagonismo.

Tamén hai que salientar a empresa que ocupou durante moitos anos a emblemática Punta do Socorro, onde se situaba a capela do mesmo nome e na que os mariñeiros podían facer as súas pregarias polas mañas cedo antes de embarcar, a Industria Metalífera Española (IME) que anteriormente chamouse Electro Metalúrgica Gallega ou a fundición de chumbo Santa Elena. Dedicada a producción de estaño e chumbo, tanto a partir de mineral como de ferralla, a empresa lle daba asida por medio dun galeón que atracaba no peirao que tiña.

### 3.2.2. O Patrimonio natural

Neste apartado reflectiremos os estudios realizados sobre a zona de interese e os traballos feitos de cara a creación dunha base de datos do patrimonio natural da Enseada.

A intención non foi realizar unha listaxe das especies presentes, senón crear un catálogo accesible, que poña de manifesto a gran riqueza de flora e fauna que ten a Enseada. Servindo desta maneira como reclamo para un turismo que poda manterse ao largo de todo o ano.

Neste aspecto subliñaremos o gran interese ornitolóxico que presenta a Enseada durante a época invernal, cando chegan a este espazo natural grandes bandadas de anátidas coma o parrulo asubión, o alavanco real e o parrulo chupón entre outros; e de aves limícolas coma a píllara, o correlimos ou os biluricos. Tendo tamén a época estival a súa importancia pola posibilidade de avistamento de cetáceos entre os que destaca o golfiño mular.

Mención especial merece a Illa de San Simón, no só polo seu patrimonio histórico, senón tamén pola singular beleza dos seus xardíns que mesturan especies autóctonas con outras traídas do estranxeiro. Destacando o centenario Paseo dos Buxos que percorre a parte meridional da illa polo seu eixo central entre a capela e o miradoiro da ría creando un entorno único.

Estes, son algúns dos elementos de interese que se inclúen na base de datos e que se repasaran ao longo do presente traballo.

### 3.2.2.1. Marco físico



**Foto aérea da Enseada de San Simón**

O estudo do patrimonio natural da Enseada abarcou o espazo natural protexido que comprende o LIC e algúns pequenos retallos de bosques e matogueiras que continúan a existir nos terreos lindeiros. Estes terreos abranguen o ámbito dos concellos de Redondela, Soutomaior, Vilaboa, Pontevedra e Moaña.

Esta ampla Enseada esta enclavada nunha cubeta de orixe tectónico, que posúe uns 8 km de lonxitude e 3,6 km de anchura máxima que se ve reducida a uns 700 m no estreito de Rande que a comunica co tramo medio da ría. Esta conformación dálle o aspecto dun lago, franqueado e resgardado por unha serie de elevacións de entre 100 e 600 m de altitude.

Son varios os cursos de auga que desembocan nesta zona en xeral de escasa entidade, sendo os máis importantes os ríos Verdugo-Oitavén e o Maceira-Alvedosa. O primeiro desemboca na zona nordeste, entre Arcade e Pontesampaio, e o segundo forma un pequeno esteiro entre Redondela e Cesantes, ao sueste da Enseada.

No extremo noroccidental encóntranse os restos dunhas antigas explotacións salinas, na actualidade case totalmente colmatadas e colonizadas por vexetación halófila, que son atravesadas polo regato de Tuimil ou Ullo. O terzo norte da cubeta, a partir da punta do Cabalo, constitúe a enseada de Vilaboa, que se descobre na súa maior parte durante as baixamares, amosando chairas intermareais arenoso-limosas.

En xeral os fondos da Enseada son pouco profundos, non superando os 8 m de profundidade agás no estreito de Rande e arredores. En preamar a superficie de augas rasas acada as 2.127 ha e cobre, polo tanto, a maior parte do espazo natural, coa excepción dalgúns retallos de marisma, pequenas masas boscosas e varias illotes rochosos (Alvedosas, San Simón, Lobeira, San Antón).

Esta área pertence á rexión Eurosiberiana, provincia Atlántica-europea e subprovincia Cántabro-atlántica, adscribíndose ao sector Galaico-portugués. O tipo climático é oceánico húmido con tendencia á aridez estival. Salvo no verán as precipitacións son abundantes ao longo do ano acadando unha media anual de 1.600 mm, cunha ausencia case total de xeadas. É común que a temperatura media chegue a estar uns 5ºC por riba do resto de Galicia, acadando medias anuais de 14,4ºC.

Os ventos dominantes son de compoñente oeste-sudoeste para as estacións de verán e primavera e de compoñente sur-sudoeste para o inverno e outono. Coinciden coa orientación da ría producindo un considerable réxime de ondas para unha zona protexida como é esta.

## 2.1.2. Marco legal

A Enseada de San Simón engloba varios hábitats naturais ameazados de desaparición nos territorios dos Estados membros, e que a Comunidade Europea considera de especial interese conservar segundo a ***Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992***.

Por esta razón, a Enseada de San Simón foi declarada Lugar de Interese Comunitario (*código ES1140016*) o 7 de decembro de 2004 xunto co resto das zonas da rexión atlántica, pasando a formar parte da **Rede Natura 2000**.

En Galicia xa se aprobara con anterioridade a **Lei 9/2001, do 21 de Agosto, de conservación da natureza** (*D.O.G. nº 171 de 4/9/2001. Pp 11.754-11.769*) na que se establecen as distintas categorías de espazos naturais protexidos; entre eles encóntrase a Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN).

Segundo o art. 16 desta Lei incluiríanse nesta categoría as zonas especiais de conservación que conformen a rede Natura 2000, e que non posúan outra figura de protección das establecidas na Lei, como é o caso da Enseada de San Simón.

As **ZEPVN**, así como todas as zonas incluídas na Rede Galega de Espazos Protexidos están protexidas pola Lei. Un punto clave desta figura de protección é que **poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada, os usos e actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos**.

Para o resto das actuacións, incluíndo a realización de edificacións, será precisa a autorización da Consellaría de Medio Ambiente. Ademais é posible incluír a delimitación de áreas de amortecemento de impactos que poderán ter carácter descontinuo e nas que se aplicarán medidas específicas.

### 3.2.2.3. Obxectivos

O obxectivo xeral deste apartado dos traballos era facer unha escolma do patrimonio natural que posúe a Enseada. Para elo deseñouse unha base de datos específica, na que incluír os diferentes espazos naturais que podemos atopar na Enseada, así como das diferentes especies que nela viven. Establecendo para cada un deles un obxectivo distinto:

En canto aos sitios naturais, o obxectivo principal foi recoller os distintos espazos físicos da Enseada nos que residen a fauna e a flora. Delimitándoos e describíndoos para posteriormente poder adscribir os diferentes organismos ao seu hábitat predilecto. Así coma, sinalar aqueles lugares que destacaran entre a paisaxe, e que podan ter un interese, dende o punta de vista turístico.

En canto a fauna e a flora da enseada a idea foi facer un catálogo das especies presentes que recollese campos coma: clasificación, descrición, hábitat no que reside e tipo de presenza que ten no ecosistema. Poñendo de manifesto aqueles organismos incluídos no catalogo de especies ameazadas, das que a súa conservación debe ser unha prioridade.

### 3.2.2.4. Criterios de catalogación

O estudo trata de esbozar un completo esquema dos ecosistemas naturais presentes na zona da Enseada de San Simón, comezando por un repaso das distintas áreas de interese natural e seguindo por un catálogo das especies que se poden observar na nestas distintas áreas.

- **Sitios naturais**

A estruturación dos distintos ecosistemas farase principalmente pola posición con respecto ao réxime de mareas. Este factor vai determinar o tempo

en que as distintas zonas van estar mergulladas. Baixo este criterio diferenciamos entre:

- A zona submareal ou infralitoral está constituída por aqueles terreos que se encontran permanentemente somerxidos. Nesta zona é onde a influencia mariña e maior, véndose moi afectada pola presenza das praderías de zostera.

**Zona submareal próxima ao estreito de Rande**

- A zona intermareal está formada por aqueles terreos que se ven afectados pola marea, quedando emerxidos dúas veces ao día. Dependendo da súa posición con respecto ao nivel medio do mar, o tempo de inmersión variará tanto ao longo do día como mensual e estacionalmente.

**Bordo da chaira intermareal**

- Os terreos supramareais, son aqueles que van permanecer emerxidos sempre (incluso nas preamares máis altas). Deste grupo formarían parte as illas no interior da Enseada e os bordos externos da mesma.

**Final da praia e comezo da vexetación de ribeira**

Ademais dos diferentes hábitats incluídos, neste apartado, tamén se escolleron outros pola súa singularidade paisaxística.

- **Patrimonio faunístico e vexetal**

Neste apartado recóllese un catálogo de especies animais e vexetais, cada unha delas asignada a un dos hábitats anteriores dando así unha idea da composición e estrutura deste ecosistema.

Debido a gran biodiversidade deste ecosistema e imposible recoller tódalas especies presentes. Por iso houbo que realizar unha escolleita, xa fora pola súa abundancia dentro deste ecosistema ou por ser unha especie de especial interese (por exemplo, por estar no catalogo de especies protexidas).

Un par de exemplos disto son:

- Os xuncos, moi abundantes na zona da Marisma de Vilaboa, e que tamén aparecen nas zonas máis elevadas das praias e areais.

**Xunqueira na marisma de Vilaboa**

- O sapiño comadrón é unha especie difícil de observar, xa que habitualmente só sae dos seus escondedoiros pola noite. Sen

embargo, é importante destacala, xa que é unha especie incluída no Catalogo nacional de especies ameazadas, e que demostra o valor natural da Enseada como refuxio para anfibios.

**Sapiño comadrón achado debaixo dunha rocha**

Neste aspecto temos que mencionar aos anfibios e réptiles, moitos dos cales están incluídos no Catálogo nacional de especies ameazadas do Ministerio de Medio Ambiente.

**A illa de San Simón**

### 3.2.2.5. Proceso de traballo e metodoloxía

A partir de documentación previa sobre o patrimonio natural da Enseada, dotouse de contido a nosa propia base de datos, para posteriormente cotexar mediante observacións directas, e consultas de censos de especies a información de partida.

**Documentación**

O traballo de revisión bibliográfica foi quizais a parte máis importante na elaboración deste catálogo. Nel empregáronse estudios previos da zona da Enseada, realizados entre outros pola Deputación de Pontevedra. Así como varias guías para a identificación dos distintos grupos de seres vivos.

Xogou tamén un importante papel, o uso de varias paxinas web, en especial a do Ministerio de Medio Ambiente.

Para a localización espacial dos datos e a creación de áreas de distribución empregouse software de xeorreferenciación, xunto con fotografía aérea e as follas correspondentes do Mapa Topográfico Nacional do "Instituto Xeográfico Nacional" de escala 1:5.000.

**Traballo de Campo**

Realizáronse varias visitas á zona, nas que se percorreu o perímetro da Enseada, e se anotaron os espazos naturais máis salientables. Durante este percorrido tomáronse datos sobre os accesos e características dos lugares.

Ademais durante estas paradas observouse a diferente vexetación e fauna presente, confirmado a presenza de varias especies de plantas terrestres, algas, moluscos, e aves. Sobre todo os presentes nas zonas da chaira intermareal, a marisma salobre ou os bosques lindeiros.

Sen embargo, debido a que este estudio se realizou durante a época estival, non foi posible facer observacións da inmensa maioría de aves acuáticas. Xa que

ademais das grandes dificultades que ten a observación ornitolóxica, un gran número delas son migratorias e so están presentes na Enseada durante a época invernal.

**Traballo de Gabinete**

Consistiu basicamente na introdución da información obtida da documentación e o traballo de campo, na base de datos de Access. E posteriormente a delimitación das áreas nas que se localiza cada elemento do catalogo.

Cada elemento da base de datos ten unha ficha, coas características correspondentes dependendo de si é un sitio natural ou unha especie.

Na ficha dos sitios naturais temos:

- Nome
- Tipo
- Accesos
- Descrición

Dentro da ficha de especie incluíuse:

- Nome común
- Nome científico
- Clasificación taxonómica, biolóxica e legal
- Hábitat
- Descrición
- Presenza

Tamén se inclúe en cada ficha un mapa coa referencia xeográfica sobre as zonas de distribución das especies incluídas no catalogo.

### 3.2.2.6. Resultados

Durante a exploración da zona, definíronse definitivamente os sitios naturais que se ían incluír no listado, anotáronse algunhas das súas características principais, así como a súa extensión na área da Enseada.

A base de datos de sitios naturais conta con 13 entradas, nas que se describen os diferentes hábitats ou espazos singulares da Enseada.

A realización do catalogo de especies deu como resultado unha base de datos con 149 elementos, que podemos clasificar da seguinte maneira:

- Flora 48 rexistros
- Fauna *101 rexistros*

De entre todos eles, segundo a súa clasificación no Catalogo nacional de especies ameazadas temos:

- Non ameazados *126 rexistros*
- De interese especial *20 rexistros*
- Sensibles a alteración do hábitat *1 rexistro*
- Vulnerables *2 rexistros*

### 3.2.2.7. Valoración

Púidose observar durante a realización deste estudio, a gran riqueza ecolóxica que presenta a Enseada de San Simón. Un ecosistema que destaca pola súa elevada produtividade, grazas ao aporte de nutrientes que entran coas augas frías e profundas do atlántico e tamén polo traído polos ríos que desembocan na Enseada.

Esta riqueza reflíctese directamente na actividade económica da zona, na que destaca o marisqueo e a pesca. Isto apréciase claramente nos usos e costumes dos concellos que rodean a Enseada, sendo ben coñecidas a Festa do Choco de Redondela, ou a Festa da Ostra de Arcade.

Esta abundancia tamén atrae a unha gran cantidade de aves que buscan refuxio e alimento nesta Enseada. Sobresae entre os espazos naturais de Galicia pola importancia das súas poboacións de aves acuáticas, chegando algunha incluso a destacar no ámbito nacional. Tendo gran importancia neste feito a extensa chaira intermareal, a Marisma de Redondela e a Marisma de Vilaboa, para o mantemento destas poboacións, que atopan nestas zonas unha gran cantidade de alimento dispoñible.

Parece difícil de entender coma un hábitat tan sometido a presión humana, sigue tendo unha biodiversidade e riqueza natural tan grande. Cabe pensar, que si a pesar da acción do home neste ecosistema, se conserva este patrimonio natural, de ser restaurado e coidado adecuadamente podería converterse nun espazo natural de referencia en Galicia.